

SANTA MARIA DE CELA

1.998



Dolorosa Soidade

Festa dos Mozos

Dias 29 e 30 de Agosto

Muebles
Del Río

Avda. de Loureiro, 41
Telf (986) 32 02 36
Bueu (Pontevedra)



Auto-Escuela

BUEU, S.L.

Alcalde Xoan Carballeira, 10
Telf (986) 32 02 33 - Bueu (Pontevedra)

· Saúdo da Comisión

Como cada ano coa chegada do verán todos esperamos con ilusión a chegada das festas na nosa parroquia. Entre elas non podía faltar a tradicional Festa da Xuventude na honra da Dolorosa Soidade.

A comisión quere agradecer a tódolos veciños a súa colaboración económica sen a cal non podía ser posible a celebración desta festa que este ano ven coincidindo o 29 e 30 de Agosto.

Tamén non podemos esquecer á xente dos arredores e forasteiros que veñen á festa e colaboran comprando rifas ou dando algún donativo.

Como tampouco nos podemos esquecer das firmas comerciais que contribúen cada vez máis coa festa anunciándose neste libro, a aportación destas firmas comerciais ven sendo cada ano máis importante, vaia para todos eles o noso agradecemento.



Esta comisión de festas deséxalles a todos moi felices festas esperando que sirvan para o deleite tanto para os veciños coma forasteiros que nos queiran visitar, xa que as portas están abertas para quen queira vir.

***Felices Festas.
A Comisión.***

SWEET BURGUER



Ramón Bares, 10 - Bueu



PAZOS FONTENLA, 51
TEL. Y FAX: 986.32 20 67 - BUEU

Igrexa Parroquial de Santa María de Cela

Sita no lugar de Iglesiasario, concello de Bueu, pertencente á arquidiocese de Santiago. Para chegar ata ela debemos desviarnos hacia o leste dende a estrada C-550 á altura do lugar da Torre, e subir 181 m. sobre o nivel do mar, para encontrarnos cunhas fermosísimas vistas á ría de Pontevedra e á inmensidade do mar, case mística.

A data dos comezos da súa construción non está concretada, pero probablemente fose no último tercio do século XII; o que é seguro é que foi costatada como obra románica, e foron os Sanjuanistas, que nesa época posuían varios bens pola zona do Morrazo, os que lle deron a súa propia traza. Esta traza está tamén presente noutras igrexas cercanas: sendo elemento característico desta orde relixiosa a súa cruz de oito puntas, que aparece gravada en diferentes partes da igrexa. Hai que resaltar unha importante reforma que se levou a cabo no ano 1746; así consta no teito interior da igrexa.

A súa fachada principal vive observando o océano; o su altar está orientado hacia o leste, como rexía nas pautas románicas. Consta dunha nave e ábside rectangular construía en silares de granito, armonicamente recortados, con pouca abundancia de tizóns.

Da súa fachada principal pódese destacar o campanario con dúas campás, nesta parte superior atópase a ambos lados unha acrótera decorada en pirámide e bola, e na parte máis alta unha cruz de tres puntas. Xa por debaixo do campanario aparece o tornachuvias, decorado por billetes e sostido por seis canecillos. Pero sen dúbida o elemento máis simbólico desta fachada é o seu pórtico. Este consta de dúas arquivoltas taladas na pedra e decoradas con flores construídas en media caña entre boceses; descansa sobre dous pares de columnas de basas e capiteis íntegras, con fustes simple e adosados. Os capiteis están adornados con follas en dúas orde e con voltas hacia fóra, e as basas teñen un perfil ático.

Unha das partes máis chamativas deste pórtico é seu tímpano, de forma semicircular e dividido en dúas partes:


- Na parte superior central distinguimos a figura dunha persoa cun vestido

CAI
ÑO

D
E
P
O
R
T
E
S

- Equipos Completos
- Vestuarios
- Pesca y Submarinismo
- Ciclismo
- Aparatos de gimnasia

RAMON BARES, 6 - Telf. 986.32 21 42 - BUEU



Servicio Técnico General

INFORMÁTICA
Mister CHIP


ORDENADORES • PERIFÉRICOS • SOFTWARE

Tlfo.: 32 35 56

Pazos Fontenla, 47 - bajo - BUEU

que lle chega ata os nocellos e a cabeza cuberta cunha capucha, coas mans xuntas á altura da cintura. Ó seu arredor atópanse dous leóns rampantes ameazadores, coas súas fauces abertas. Probablemente esta escena sexa unha representación bíblica.

- Nunha segunda parte, que fai de dintel, hai unha cruz potenziada; á súa marxe dereita aparece outra cruz con catro follas incrustadas dentro dun círculo, e á esquerda, unha cruz potenziada de cuíos ángulos saen os brazos da cruz de lazos de San Andrés, esta última cruz ten oito puntas o que constitúe tamén unha referencia clave da orde Sanjuanista. Cómpre dicir que esta mesma cruz tamén aparece sobre o dintel da porta lateral do muro sur.



Sostendo o tímpano desde pórtico atopamos dúas figuras de pedra moi curiosas. A dereita aparece unha figura humana, que sostén coas súas pernas e mans unha especie de barril ou tonel; o da esquerda, contén unha figura na que se aprecia unha figura humana coa súa cabeza perfectamente talada.

Xa cambiando de fachada, na da parte sur atopamos unha porta lateral adintelada sobre a cal se atopa grabada a cruz que anteriormente mencionamos; tamén parecen nesta fachada dúas xanelas típicas do románico, longas e estreitas; aparece nesta un contraforte, aínda que non visible dende fóra. Como parte anexa a igrexa atopamos a Sacristía, de construción posterior datada sobre o 1700 aprox.

Na fachada oriental existen varias trazas características, como a ventá de media punta en arista sobre un par de columnas de capitel a basas éntregas, con fuste adosado propio deste estilo románico. O seu capitel adornado por follas. Sobre a parte superior, no piñón da ábside, atopamos a figura en pedra dun carneiro.

Xa na última fachada, fachada septentrional, de formas similar súa



Agrícola Garrido

Especialidad Capón de Villalva

Servicio a Domicilio

Telf. 986.32 06 99 - Pazos Fontenla, 7 - BUEU

O FURRUGIO

BAR

BANDA DO RIO - BUEU

oposta, aparece unha porta lateral sobre a cal podemos ler a data de 1714, tamén coas súas dúas ventás e o seu contraforte.

Unha parte moi interesante fachada sur e da fachada norte, é a cornisa de pedra decorada con billetes que podemos ver por debaixo do saínte tellaroz, e que á súa vez está suxeitas por unhas figuras moi curiosas e tamén moi estudiadas, como son o canecillos de pedra, con distintas formas e distintos temas: figuras humanas, semihumanas, con cabezas de animais, etc.

Podemos observar tamén no exterior, as lápidas existentes no chan arredor da igrexa, principalmente na zona sur, nas cales podemos ver as tapas incrustadas no chan coas súas escrituras, na maior parte delas ilexibles polo seu desgaste; moi pouco se sabe delas, pero quizais pertencesen a algunhas das familias ricas que había en tempos pasados, ou tamén a algún párroco. Como anécdota sobre elas podemos asegurar que si existiron disputas entre as familias por ocupar a lápida que máis preto estivese do altar.

Agora deixamos o espacio exterior para adentrámonos no seu interior, empezando pola parte superior, o teito. Está cuberta esta parte por un falso teito de madeira feito con trazas barroco-neoclasicistas. No seu centro podemos ler a seguinte inscrición que fai referencia a unha importantísima reforma que se levou a cabo na igrexa nesas datas.

Fayose estaa igrexa

Juan Anto Lopez

Siendo rector dn

D Soto. Ano d 1746

Trasladándonos á zona do altar, no presbiterio, aparece a bóveda de cañón apuntada, sostida por dous arcos faxóns tamén apuntalados, que se apoian en sous pares de semicolumnas, unha basa curiosa é a basa da columna dereita do arco triunfal, onde nunha das súas esquinas aparece unha cabeza humana, as outras basas atópanse decoradas simplemente con bolas nas aristas. O capitel da columna dereita do arco atopámolo decorado por follas rizadas, e o esquerdo con follas terminadas en espiral. No capitel esquerdo do arco faxón aparece no centro a figura dun home suxeitando unha especie de saco, e decoran o resto do capitel unha follas rizadas; no último capitel, no dereito, aparecen tamén unhas follas rizadas en dúas ordes. Como figura curiosa aparece no presbiterio ó lado do capitel dereito, unha

Beba Gaseosas

Pousada

Elaborado por:
HEREDEROS DE JOSE POUSADA, S.L.
Teléfono: 986.70 20 62 - SEIXO - MARIN

MADERAS FREIRE

**ASERRADERO
MADERAS EN GENERAL**

Somos Profesionales desde el año 1.945

Montero Ríos, 26 - Telf. 986.32 00 66 - BUEU

estrana figura de dúas persoas unidas polo tronco e inserta na cornisa. Xa situados na parede de fondo, no presbiterio, podemos ver unhas ventás de arco semicircular en arista sobre columnas de capiteis e basas éntegras.

Podemos ver tamén no seu interior e rodeando toda a igrexa unha cornisa decorada con billetes que se interrompe soamente nos arcos das portas. Xa por último, en canto a súa construción interior, podemos dicir que conta, na parte máis occidental da nave, cun segundo piso, feito de madeira, onde está o coro.

Cómo elementos de orfebrería desta igrexa podemos reseñar:

- Cruz parroquial.
- Dúas campás do ano 1826.
- Dous cálices: un grande do ano 1773 e outro pequeno do ano 1731.

En canto ó seu santoral podemos describilo por partes:

- No presbiterio: aparece no centro a imaxe do crucificado. Á dereita aparece Santa María, patrona da parroquia, que celebra a súa festividade cada 15 de agosto. A esquerda aparece San Roque, peregrino coas cunchas de vieira e a cabaza do viño, acompañado do seu can; celébrase a súa festividade cada 16 de agosto. Esta festa xunto coa celebrada na honra de Santa María, forman as festas patronais.

- Na nave podemos ver catro retábulos de orixe barroca, moi ornamentados; os dous situados nas paredes laterais posúen unhas columnas adornadas con follas e froitos de viña. Os outros dous situados nas esquinas que unen a nave co presbiterio son de estilo tamén barroco como xa dixemos, pero non con columnas ornamentadas senón con formas rectas e curvas de ramallaxe con frutos que as cubren.

No retábulo da dereita situado xunto ó presbiterio vemos as seguintes imaxe: na parte superior a San Juan Bautista, abaixo no centro a Virxe dos Dores e o seu lado San Benito Abade e San Antonio de Padua.



Cafetería
BUMPIER

Pazos Fontenla, 31 Telf 986.32 41 11 BUEU

BAR ACAPULCO



O REDONDO - MOAÑA

No retábulo da esquerda vemos as seguintes imaxes: na parte superior aparece o Ánxel da Garda, abaixo no centro a Inmaculada Concepción e ós seus lados San Mauro e Santa Lucía.

No retábulo da dereita situado na parede norte vemos dúas imaxe adicadas a Virxe do Carme, pero podemos falar da situada no centro do retábulo e máis grande, construída en Santiago de Compostela no ano 1949; ten moita importancia entre nós por ser esta unha terra mariñeira. Conta coa súa propia festa celebrada o penúltimo fin de semana de agosto.

Xa no último retábulo situado na parede sur vemos a imaxe central e grande da Virxe da Soidade, patrona da festa da xuventude celebrada o último fin de semana de agosto. Por enriba desta aparece un pequeno santo que non aparece documentado en ningunha fonte.

Podemos dicir que existiu no lugar do altar, onde están Santa María e San Roque actualmente, un retábulo do que non conservamos ningunha fotografía xa que foi retirado sobre o ano 1970.

Aparecen tamén nas paredes da igrexa varias figuras como San Pedro Telmo e San Román. E xunto o retábulo dereito da Virxe do Carme aparece a imaxe do San Lourenzo coa parrilla na man. Non é este o orixinal xa que foi substituído polo seu deterioro e pertence a outra capela. (Falamos del noutro apartado deste traballo).

*Nosa Señora do Carmen
fixo unha torre no mar
para ver os mariñeiros
cando viñan de pescar.
Nosa Señora de Cela
é moi amiga das uvas
e San Martiño de Bueu
das sardiñas cabezudas*

*Santa María de Cela
quixéronna levar para Ardán;
pero ela nunca lle pasou
da ponte de Lapamán.*

Restaurante
CASA QUINTELA

Comidas caseras

ESPECIALIDAD EN

**EMPANADAS - CALLOS
PULPO - CALDEIRADAS**

Vinos TINTA FEMIA y ALBARIÑO
Sellado de Quinielas y Lotería Primitiva

Eduardo Vicenti, 24 Telf 32 00 10 BUEU

**ESTO NO ES
HAWAII
BUEU**


Mosteiro de Santiago de Hermelo

Nunha fermosa paraxe, a 6 km. do centro urbano de Bueu, atópase o antigo mosteiro de Santiago de Hermelo, xunto cos restos dunha casa prioral. O lugar de Hermelo, anexo á parroquia de Cela dende o ano 1868, foi nas súas orixes un dos lugares fundadores da península do Morrazo.

A fundación deste mosteiro sitúase no século IX, sobre o ano 840 por un tal Pedro Monge, trátase dunha fundación Benedictina en advocación a Santiago Apóstol. Coñécese unha refundación na era 1142, é dicir, no ano 1104, sendo rei Alfonso VI de Castela, conde de Galicia Reimundo, esposo de Doña Urraca, e abade de Hermelo Fernando Tef. Esta refundación recóllese grabada en letras góticas nunhas pedras que forman paredes do altar maior e que traducimos literalmente: "Esta igrexa foi restaurada, confíase en que permaneza no presente de Santiago Apóstol para Fernando Abad e de Arias. Foi levantada reinando emperador Alfonso IX de Castela, en Galicia Conde Reimundo; Diego, sacerdote episcopal; era de 1142, Fernando Tef".

A súa arquitectura é sinxela; ten planta rectangular, cunha sacristía anexa á marxe dereita (non o podemos afirmar con seguridade, pero posiblemente ésta fora feita tardiamente). Conta con tres contrafortes polo exterior. Na fachada principal (orientada hacia suroeste) podemos atopar a única porta que posúe o mosteiro, dun estilo sinxelo; por riba desta, atopamos o oco da ventá medido na pedra en forma de visel; conta con dúas acróteras nos extremos do teito, con marcadas cornisas que nos conducen ata o campanario onde nos atopamos cunha pequena campá. Na parte superior aparece a figura de Santiago Apóstol talada en pedra, e precedido o cumio do mosteiro unha cruz de pedra.





MOTOS ABAL

**MOTOS-BICICLETAS
RECAMBIOS DE
TODAS LAS MARCAS**

**Servicio Oficial:
DERBI y YAMAHA**

BUEU - Telf. 986.32 28 26

JOSE ANTONIO GARCIA GRAÑA

AGENTE DE SEGUROS

**Pousada, 1 - Telf 32 22 16
CELA - BUEU**

Podemos percatarnos da existencia dunha lápida xunto a sacristía, na cal apreciamos unhas escrituras algo desgastadas. Trátase dunha tumba posiblemente dalgún monxe que viviu alí, aínda que queda aberta a hipótese de que fose dalgún monxe que estando de visita morreu alí; anos máis tarde pasou ser unha fosa común; isto foi recollido polo Padre Sarmiento na súa visita a este mosteiro que traduciu da seguinte maneira: “ Aparece Joanes Nucizi con Cristo reina coronado, rogade a Deus, suplicade con plegarias, perdonarlle as culpas, baixo o ceo cometidos no cal faleceu en día dez de Setembro era 1140 Fernando Abarus”.

No seu interior atopamos o altar ó fondo, e nas paredes de fondo onde se atopan grabadas as escrituras das que ó principio falabamos; tamén posúe dous sinxelos arcos que suxeitan a bóveda. No interior do mosteiro atópanse diversas imaxes; Santiago Apóstol (patrón) San Benito, Santa Ana, San Xoán, Santa Lucía, a Virxe Balbanera e San Jorge xunto o dragón. Como pezas de orfebrería destacamos un Cáliz datado no ano 1819 e unha bandexiña tamén datada no mesmo ano.

Traía reforma dos reis Católicos (Fernando V de Aragón e Isabel I de Castela), o mosteiro de Hermelo pasa a depender do cercano mosteiro de San Xoán de Poio. Así se fai constancia nunhas inscricións taladas en dous dos arcos da bóveda actual da Igrexa, pero queda como lugar recaudador no Morrazo.

Como xa dixemos antes, o Padre Sarmiento realizou unha visita a este mosteiro o 3 de setembro do ano 1745, parando a durmir aquí ata o día seguinte, recollendo diferentes apuntes sobre o mosteiro e os seus arredores.

Durante a súa longa estadía, este mosteiro tivo un amplo coto, que tiña en réxime de foros e que coa chegada da desamortización de Mendizábal, pasaría a outras mans. Era coñecido co nome de Coto de Hermelo, e estaba delimitado por unhas características señas:

HLO

+

Comezaba este no alto da Portela, seguía por Niño do Corvo, Pouso das cruces, Paralaya, Pedra Gallada, Monte Espiñeiro, Monte Blanco, Cruz de Foxonabla, Monte Fontañña, Campos de Coteleiro e posiblemente chegara ata Meiro.



CONSTRUCCIONS

Antón

SDAD. UNIPR.

Paseada, 9 - CELA - Telf. 986.32 35 13 - Móvil 939.98 23 12 - BUEU



DOVAL



INTERÓPTICAS

1º Grupo Óptico Gallego

Centro especializado en adaptación de Lentillas.

MARIN

Rua do Sol, 8
(antigua Gral. Franco)

☎ 986 88 16 15

BUEU

Pazos Fontenla, 37
(frente a correos)

☎ 986 32 40 95

O último Monxe prior deste mosteiro foi Don Joaquín Suárez (1852) ó que posteriormente sucederon sacerdotes da parroquia de Santa María de Beluso, ata a súa anexión á parroquia de Santa María de Cela o 1 de Xuño de 1868 (libro da fábrica, tomo 3 folio 70).

Neste mesmo ano dábase conta ás autoridades Eclesiásticas, de que a casa prioral e os terreos que lle pertencían encontrábanse nunha notable decadencia e deterioro. A contestación foi que os terreos fosen arrendados, pero non apareceu ningún arrendador, polo que o seu deterioro foi total.

Podemos aclarar que este mosteiro hoxe en día non funciona como tal senón que fai a función de pequena igrexa, onde se celebra misa tódolos domingos, dada polo cura da Parroquia de Cela para os fieis deste pequeno lugar.

Temos noticia documentada dunha visita que tivo este mosteiro a día oito de Agosto de 1954, realizada polo cardenal Fernando Quiroga, quedando como recordo unha xigantesca cruz peregrina posta nas Chans de Hermelo, preto do mosteiro.

Celébrase aquí unha romaxe cada 25 de Xullo na honra de Santiago Apóstol, patrón deste lugar. Realízase unha misa solemne con procesión precedida dunha banda das Gaitas. Na procesión saen os principais santos/as do mosteiro dándolle a volta a éste e presidindo a procesión o Santiago transportado sobre os ombreiros por mulleres. Non hai ningunha ofreza fixa a esta santo, pero si soe haber ofrecidos, que pagan as súas ofrezas con cartos ou levan figuriñas de cera. O rematar a procesión comeza a tirada de foguetes e a celebración da romaxe: a xente exténdese polas carballeiras para xantar e pasalo resto do día o aire libre.

Hermida de San Lorenzo

Situáanse os restos desta antiga hermida no monte que leva o seu nome, ós pes do Alto da Carballosa, entre os límites das dúas parroquias, a parroquia de Santa María de Cela e a parroquia de Santa María de Ardán.

A hermida constaba dunha sinxela planta rectangular, construída en

Andrea

**TEJIDOS PARA FIESTAS
FANTASIA EN TELAS
ENCAJES Y SEDAS**

MODA HOGAR

Castelao, 12 - BUEU - TELF.: 986 32 25 05

Café - Bar

EL PESCADOR



**Tapas Variadas
Pescados de las Rías
Viño Ribeiro, Albariño
Tinta Femia**

Alfonso Castelao, 6 - Telf. 32 42 69 - BUEU

pedra granítica. Estaba rodeada por un extenso muro de pedra, que limitaba o atrio arredor do cal se situaba unha extensa carballeira, na que aínda hoxe se pode apreciar un pequeno oco reducido e xa algo afastado da hermita, cuns carballos centenarios. Preto do espacio relixioso, atópase aínda unha fonte, a fonte de San Lourenzo, á cal se lle atribúen poderes curativos no día do santo.

O santo titular da capela e máis o cáliz atópanse na igrexa parroquial de Cela; o santo, San Lourenzo, atópase exposto nunha das paredes da igrexa, dun metro aprox. de altura cunha túnica vermella e a grella na man. Cómpre dicir que esta é o San Lourenzo moderno, xa que o propio da hermita está gardado na Sacristía, xa que foi retirado polo seu deterioro.

Non se coñece con exactitude a data da súa construción, mais as primeiras noticias que existen, pertencen ó século XVII. Recentemente apareceron entre as ruínas varias pedras, ó parecer dun dos arcos, nas que se proclama o seguinte: "Esta capela fíxose sendo rector Don Baltasar González de Parga no ano 1689". Posiblemente sería unha reforma importante, xa que aparecen citas de datas anteriores no Libro da Fábrica de Igrexa parroquial de Cela na que fan referencia a esta hermita, polo que é posible que incluso sexa de construción anterior a este século.

Esta hermita tivo unha vida bastante corrupta, xa que ó longo da súa historia foron moitas as épocas nas que se atopaba en abandono dos seus fieis, que eran os que a mantiñan. Proba disto recóllese no citado Libro da Fábrica, no que aparecen referencias sobre o seu estado, e nas que se ameazaba con restaurala ou senñon serñia demoida e no seu lugar porñase un creceiro. A pesar destas ameazas a hermita seguiu no seu estado, con pequenos arraxos ata o seu derrubamento, case total.

A raíz da creación dos concellos de Marín e Bueu, ano 1832, naceu unha gran polémica pola pertenza da hermita a unha das dúas ferigresías xa citadas (Cela e Ardán), xa que a hermita era atravesada polos lindes naquel intre feitos; isto levou a un enfrentamento entre os veciños das dúas parroquias e contribuíu ó seu derrubamento.

Os montes nos cales se atopaba a capela foron declarados montes comunais, o que axudou máis á loita entre veciños que se espandeu du-

Talleres **RODAL**

Reparación del Automóvil

Mecánica

Chapa - Pintura

Ruedas varias marcas

Trabajos rápidos

Seriedad y garantía



Telf. y fax: 70 23 88
Móvil 929 30 16 89

Casás, 42
ARDAN - MARIN

La Fiorentina

P A S T E L E R I A S

Especialidad

Tartas de hojaldre y nata

Pazos Fontenla, 42 Telf 986.32 03 81 BUEU (DESPACHO)

Pazos Fontenla, 77 Telf 986.32 20 12 BUEU

rante o século pasado e principios deste. Como xa dixemos, o santo titular da capela atópase na Igrexa parroquial de Cela, proba que confirma certa hipótese dun acordo no que a capela pertencería a Cela e os terreos á veciña parroquia de Ardán.

Recentemente, nun estudo realizado polo Doutor en Filosofía e Ciencias da Educación, Don Manuel Rioboó, amplíase a hipótese da pertenza histórica da capela a parroquia de Cela, xa que nun documento titulado “Memorias del Arzobispado de Santiago del Cardenal Jerónimo de Mayo” do ano 1607, no que se fai un inventario de igrexas, hermidas e capelas pertencentes ó Arzobispado de Santiago e aparece a hermidia de San Lourenzo como pertencente á parroquia de Cela.

Actualmente, no lugar das ruínas, pódese apreciar a desaparición de moitas pedras que pertencían á capela supostamente roubadas polo veciños de Ardán en disconformidade co trato. As pedras foron empregadas para facer calzadas e lareiras. Tamén existen noticias de tentativas de roubar o Santo que se atopaba na igrexa de Cela e levalo para a igrexa de Ardán.

Puidemos atopar tetemuñas de persoas que aínda hoxe lembran os enfortamentos que tiveron e nunha delas citáronnos o dito que di: “Deus castigou ós ladróns condenados as desgracias familiares, mentres non devolvesen as pedras, ó seu lugar”.

Hoxe en día as disputas pola pertenza da capela non existen, xa que foron erradicadas polas desgracias sucedidas na parroquia veciña, atribuídas os roubos cometidos. Froito desta erradicación unha irmandade entre as dúas parroquias que se fixo a través da festa da Xuventude, nas tradicionais “vivas” celebradas entre ámbalas dúas parroquias tódolos anos, costume que aínda segue viva; pero pódese dicir que segue a polémica polos lindes entre as dúas parroquias, e polo tanto tamén entre os concellos de Bueu e Marín.

Pouco se sabe da antiga romaxe que se celebraba o 10 de agosto, días de San Lourenzo, pero si se coñece que a ela acudían xentes de todo o Morrazo en busca da auga da fonte que neste día se lle atribuían poderes especiais para curar as varices, verrugas e outras enfermidades da pel. Tamén se celebraba unha misa na honra do santo, que era acompañada duns gaiteriros e dunha comida capeste. Cómpre destacar

M MADERAS
SF SOFREI

Amando Acuña Solla

TABLEROS, MADERAS, PUERTAS, PERSIANAS

Av. de Marín, 35 Telf 32 12 43
36930 BUEU (Pontevedra)

AR CONSTRUCCIONES

AGUSTÍN RODRÍGUEZ

TELF. 986. 32 20 06 - BUEU

a labouira realizadas por uns veciños da parroquia de Cela, que desde o ano 1996 tratan de recupaerar a romaxe no seu propio día (10 de agosto), con actuacións de grupos de grupos de gaitas, comida campestre, e a tradicional tirada de foguetes.

Puidemos recoller entre algunhas das cantigas desta parroquia a seguinte referida a esta capela:

*Querían a San Lourenzo
os borrallentos de Ardán,
querían a San Lourenzo
pero os de Cela no llo dan*

*Querían a San Lourenzo
os borrallentos de Ardán,
querían a San Lourenzo
co carallo na man.*



Capela de San Anton

É sabido ca parroquia de Cela é unha aldea antiga que alberga gran cantidade de construcións relixiosas e de carácter nobiliario. Unha destas construcións e a casa-granxa do Placer; á cal se atopa anexa unha capela, a de San Antón.

Consta dunha pequena planta rectangular, de estilo Barroco, que foi feita para uso particular dos seus donos fundadores, os señores de Aldao, propietarios de casa-pazo á cal a capela está anexa. Cómpre dicir que estes propietarios posuían outras edificacións nobres e terras en Arxentina e Colombia.

A construción da capela iniciouse no século XVII, pero parece ser que foi rematada no século posterior, concretamente no ano 1732, (faise constancia desta data no dintel da porta lateral). Posúe dúas fachadas visibles, unha a fachada principal, orientada hacia o norte e outra, a fachada lateral, orientada hacia o leste.

Na fachada principal sitúase a porta principal, comprendida dentro dun arco de medio punto. Por enriba da porta e metido nun oco, atópase a figura do santo titular, talada en pedra, e, alzando un pouco máis a vista, obsérvase un pequeno escudo nobiliario, pertencente á familia Aldao. Por último, na parte



RESTAURANTE RIMIÑOTO

Lapamán, 53 Telf 70 33 96 MARIN

PANADERÍA O'ROMANO

R.S.I. 20.12451/PO
Valado,1 - Tlf. 32 01 53
BUEU

PANADEROS ARTESANOS DESDE 1914


superior da fachada, atópase unha pequena campá.

Na fachada lateral, xa máis preto da casa, atópase unha porta lateral, de sinxela estrutura, cun pequeno sobre marco no cal se le a data de 1732, grabada no dintel superior. Pódese destacar tamén a cornisa existente por debaixo do sobreteito, e máis as acróteras decoradas en pirámide e bola existentes nos extremos de ambos sobreteitos da fachada principal.


No interior existe un pequeno altar; na parte superior-central deste aparece a imaxe da Virxe das Neves, talada integramente en pedra, á súa dereita atópase un San Antón talado en madeira. Xa na parede lateral, pegado a set último santo aparece a imaxe de San Isidro Labrador cunha parella de bois; tamén nesta parede se apoia a pila da auga Bendita. Xunto con estas imaxes, aparece a do Crucificado e unha poqueña imaxe dunha Virxe, da cal descoñecemos o nome. Cómpre resaltar unha Virxe de pedra que se sitúa na entrada que dá á casa: nun peto único existente na parroquia, a Virxe do Portal (Virxe dos Remedios) á cal é sacada do seu peto no día que se lle adica unha misa pública.

Hai noticias de que existiu unha confradía a favor do santo titular da Capela nesta parroquia.

Dende hai anos celébrase na capela unha misa o domingo de Pascua, único día que permanece aberta ó público, aínda que nos comenzos facíase o Luns de Pascua. Con posterioridade á misa Maior, faise unha procesión que sae da capela ata un cruceiro situado non moi lonxe da capela; pero iso si, a Virxe do Portal é transportada nun tractor engalanado debido o seu peso. A xente soe ir ofrecida por algún tipo de enfermidade.



DISCO BAR



**AS DE GUIA
TERRAZA**

Telf.: 32 42 70 - BUEU

ELECTRICIDAD ==

A. SOUTO

N.º INSTALADOR PO-405

**Pazos de Fontenla, 75 A
BUEU**

 **32 13 97**

Como anécdota curiosa, sinalamos o dato de que no XVIII, estivo prohibido oír misa os domingos nela, pois ía en contra da igrexa parroquial, á cal deixaban de acudir fieis ó se celebrar misa eiquí. Claro quede que a prohibición era só para a xente allea á capela e non para os seus propietarios.


Hermida de San Clemente do Mar

Pese a que pertence a veciña parroquia de Ardán decidimos incluíla aquí por ter relación en tempos pasados con esta parroquia sen querer rebuscar nada máis no pasado que a súa historia. Está situada no corazón da illa do Santo, ó oeste de Ardán e o noroeste da praia de Lapamán, como mencionou o Padre Sarmiento nas súas viaxes pola ría de Pontevedra.

A hermita de San Clemente tivo unha orixe de marcado sabor quereiro e popular. No ano 1294 uns poucos galegos interviñan na Reconquista de Sevilla apoiando, dende o mar, ós soldados que entregan Sevilla á historia española. Estes mariñeiros da ría de Pontevedra voltaron ós seus lares despois de sufrir o incesante abanear dos seus maltreitos barcos, construídos para a guerra en Noia, Corbabeiras e a illa do Santo do Mar. Ó ano seguinte, e para festexar a victoria sevillana, organizaron unha romaría, na illa do Santo, en honor ó santo daquel día feliz, San Clemente.

En agradecemento, e para a celebración dos períodos festivos, levantouse unha hermita na illa, que dende entón foi chamada e coñecida como illa de San Clemente do Mar.

Logo destes esperanzadores comezos, o segundo paso foi a integración desta hermita na oficialidade clerical. Ante a inexistencia de concellos nesa época, pasou a formar



ESTACION DE SERVICIO

FRESOGAS

Lavado manual y automático
de automóviles, aspirado,
cambio de aceite, etc

SEIXO - MARIN



**GARAJE TALLER
RAMAL DOS GALOS**

Ramón Bares, 2
Telfs. 32 35 53 - 32 35 58 - Bueu

parte da parroquia de Santa María de Cela. Pero a mediados do século XVIII, a archidiócese de Santiago entregoulla á parroquia de Ardán, o que causou un gran malestar nos habitantes de Cela, xa que a illa pertencía territorialmente. Este problema foi taxantemente arranzado polas autoridades institucionais, quen na fabricación dos lindes parroquiais do 1836, lle entregou tamén a illa de Ardán.

A hermida, daquela, estaba xa case en desuso e moi deteriorada, e, sumándolle o factor de que había que xogar cosas mareas para visistar ó santo, compréndese o seu estado actual: dende dentro pódense ver as estrelas e, en vez de relixiosos ornamentos, pódese admirar unha mesta paisaxe de pequenas árbores e silvas xigantescas.

Nembaragantes, o espírito sinxelo da construción sobreviviu ó paso imparabile e impío do tempo e a 600 anos de fragorosa loita contra os recordos e lamentos dunha hermida levantada en honor a unha victoria.

Agora, só nos queda nomear e transcribir a Cantiga de Amigo que o trovador Nuno Pérez escribiu basándose na hermida de San Clemenço do Mar:

*Des quando vos fostes aquí
meu amigo, sen meu pracer,
hoube eu tan gran coita des í
qual vos ora quero decer:*

*Que nos feceron des enton
os meu ollos se choran non,
nen ar quís o meu coraçom
que facesem, se chorar nom.*


*E, desque me eu sen vós hachei,
sol non me soube consellar
e mui triste por én fiquei*

e con coita grande e pesar:

*Que nos feceron des enton
os meu ollos se choran non,
nen ar quís o meu coraçom
que facesem, se chorar nom.*

*E fui facer oraçom
a San Clemenço e non vos ví,
e ben es aquela sazon,
meu amigo avéoume así:*

*Que nos feceron des enton
os meus ollos se choran non,*



Caixavigo

Unha caixa para un País

*nen ar quís o meu corazón
que facesem, se chorar nom.*

*Estábame en San Clemenço,
ú fora facer oraçon:*

-Agora verrá aquí voso amigo.

*Estábame en San Clemenço,
ú fora candeas queimar,
e disemi o mandadeiro:*

*-Fermosa de bon semellar,
agora verrá aquí voso amigo.*

*Estábame en San Clemenço,
ú fora oraciçon facer,
e díseme o mandadeiro:*

*-Fermosa de bon parecr,
agora verrá aquí voso amigo.*

*E disemi o mandadeiro,
que mi prouge de corazón;
porque viu que me pracía
ar diseme outra vez entOn:*


-Agora verrá aquí voso amigo.

*E sisemi o mandadeiro:
-Fermosa de son semellar.*

*Porque viu quemi pracía
ar començoume a flar:*

-Agora verrá aquí voso amigo.





Asesoría Bueu

LABORAL - FISCAL - SEGUROS GENERALES

Montero Ríos, 31 bajo - Telf. (986) 32 30 46
B U E U (Pontevedra)



MOTOR BUEU, SL.

MECANICA - CHAPA - PINTURA

Trasouto, nº 23 - A Graña (Bueu) - Ctra. Gral. Bueu - Cangas
Telf 32 26 26 - 32 27 51 - Móvil Permanente 908 98 57 94


Festas e Romaxes

É sabido que a parroquia de Cela conta cun destaco número de festas, das cales cinco son de carácter relixioso, sen olvidármonos de dúas romaxe; de tosas elas imos falar neste partado:

Festas patronais:

Estas festas son celebradas na hora de Santa María e San Roque. Parecen ter as súas orixes polo ano 1600, celebrábase unha misa solemne na horar de Santa María e co acompañamento dun gaitero; por eses tempos tiña carácter de romaxe. Coñecíase co nome de “romaxe da Asunción” celebrábase na Devesa do Rei, actualmente Devesanova, lugar retirado da aldea, preto de Chans. Esta pasou a ter carácter de festa cando pasou a celebrarse no recinto relixioso da igrexa parroquial sobre o ano 1700.

Esta festa é unha das que hoxe en día se celebra, con misa Maoir, procesión de tirada de foguetes; adícaselle o 15 de agosto a Santa María e o 16 de agosto a San Roque. Na primeira a xente acade á misa e á procesión en pagamento das ofrezas de tódolos tipos; na segunda misa e procesión na honra de San Roque onde as ofrezas fanse por enfermidades, feridas, etc. nas pernas. Algunhas das formas de ofrecemento e de pagar as ofrezas son a doazón de cartos, de figuras de cera e tamén o ir de xeonllos ou descalzo durante a procesión celebrada arredor da igrexa.



Temos noticias de varias festas celebradas ente os anos 1650 e 1770 en advocación ós santos coma San Telmo, San Roque, Virxe do Rosario e San Antonio de Padua. Nestes días celebrábanse misas maiores con procesión ás que acudían varios gaiteros e nas que se queimaba toda a cera acumulada duante o ano, froito das

B A R

O LAMBEDEIRO DO VIÑO

TAPAS E VIÑOS DO PAIS

Tintorería NOEN

Eduardo Vicenti, 55 interior
Telf 32 07 12 Bueu

BAZAR CRISTINA

Objetos de Regalo y Decoración

Castelao, 18 - Bueu

ofrezas que a xente daquela daban en especias, traducidas logo en cartos para a irmandade. Todas estas acabarán transformándose en tres: San Roque, da que falamos anteriormente, Corpus Christi, e a do Carme, en substitución da festa de San Pedro Telmo, tamén relacionado co mar.

Festa do Carme:

Como xa dixemos esta substituíu a unha festa antigamente celebrada na honra de San Telmo. Esta festa ten moita importancia non só aquí nesta parroquia senón en parroquias veciñas nas que tamén a celebran, por se esta zona unha zona mariñeira. Celébrase tódolos meses de agosto, no seu penúltimo fin de semana; cunha misa maior, tirada de foguetes e procesión. Esta última realízase arredor da igrexa, pero non é marítima, como sucede na veciña parroquia de San Martiño de Bueu. Normalmente, os ofrecidos a esta Virxe soen ser mariñeiros que sufriron algún tipo de desgracia ou que queren bendecir as súas vindeiras campañas pagando as súas ofrezas con cartos, antigamente en especias e froitos, e tamén estes levan a Virxe en procesión.

Festa da Xuventude:

Ésta é a máis nova de tódalas celebradas na igrexa parroquial e ten ás súa advocación a Virxe dos Dolores. Naceu a finais do século pasado, como unha xuntanza de amigos que ían a cantar no Nadal e en Reis; e non tardaron moito en buscarlle patrona. Celébrase no último fin de semana de agosto, con misa maior e procesión, pero non ten ningún tipo de ofrenda concreta. Xa á tardiña, despois de xantar, reúnen no eirado da festa os mozos e mozas da parroquia de Cela cos da parroquia de Ardán. E celebran as tradicionais "vivas" frotito da amizade que os une despois da longa batalla levada a cabo ata os anos 30 pola pertenza da Capela de San Lourenzo; estas son dadas en voz alta polos presidentes das comisións de festas das dúas parroquias, repetindo o público despois de cada unha delas: "viva". Xa rematadas as "vivas" dá comezo o reparto gratuito a todo público asistente do viño "tinta femia" propio desta parroquia.

Peluquería

ALDA

Pousada, n.º 12 - CELA - BUEU
Teléfono 32 09 50

CLIP

DISCOTECA

*Donde se Divierte
la Juventud de Cella*

Festa de Corpus Christi:

É tamén celebrada na igrexa entre finais de maio e principios de xuño; celébrase unha misa maior na cal se realiza unha procesión, pero máis longa cas anteriores: sae ésta do recinto da igrexa ata dar a volta a un cruceiro existente no lugar. Dende hai varios anos lévase facendo a laboura tradicional de confeccionar alfombras florais, ó longo de todo o percorrido da procesión. Existe unha anécdota curiosa sobre esta procesión, xa que non saen os santos precedendo a procesión coma nas anteriores: a principio de século quixo esta procesión pasar polo eirado público das festas, que non pertence a igrexa, para chegar ata o cruceiro; pero atopáronse na súa entrada varios veciños deitados no chan para non permitirllo, senón, tan pronto atravesase ésta o eirado pasaría a pertencer á igrexa, como pasara noutros lugares.


Cómpre dicir que todas estas festas aínda son celebradas hoxe en día, saíndo en tódalas procesións os santos das catro festas, (agás na festa de Corpus Christi): Santa María, San Roque, a Virxe do Carme e a Virxe das Dores; iso si en cada procesión levan distinta orde, xeralmente de último vai o santo/a ó que se honra ese día.

Xa fóra do lugar da igrexa, celébrase no lugar do Torrón, a festa da “virxe do portal”, da cal falamos no apartado da capela de San Antón. Cómpre dicir que moi preto de aí celebrábase antigamente outra festa coñecida co nome de “Festa da Barraca” da cal só sabemos que era carente de actos litúrxico.

Non nos debemos olvidar de dúas romaxes que actualmente se celebran como son a romaxe de Santiago de Hermelo de a romaxe de San Lourenzo, das cales falamos en dous apartados.

Como din os vellos: “tódolos santos teñen o seu día”.

Panadería Pastelería



LA GRAÑA
TELF 32 11 18
DESPACHO
MONTERO RIOS, 101

Bueu

MIRANDA

*tu librería, tu papelería
en Bueu.*

Pazos Fontenla, 35 Telf. 32 05 04

SANTA MARIA 98 DE CELA

Festas dos MOZOS

días 29 e 30 de Agosto

SABADO 29

* As 12:00 horas

*Gran tirada de bombas anunciando o
comenzo das festas.*

* Apartir das 22:30 horas

Gran verbena amenizada polas orquestas

ALAMEDA

e

ALKAR



Banesto

Banco Español de Crédito
Pazos Fontenla, 32
36930 Bueu (Pontevedra)
Telf 32 19 86 - 32 00 88



CAIXA DE PONTEVEDRA

DOMINGO 30

* A partir das 9:30 horas
*Pasarrúas a cargo da Banda de Música
Las Delicias de Caeiro*

* As 13:00 horas
Misa Solemne, seguida de procesión

* As 20:00 horas
*Reunión das xuventudes de Ardán e Cela
dando paso ás tradicionais "Vivas",
durante este acto repartirase viño
tintafemia da parroquia.*

* Como remate a este acto, concerto a
cargo da Banda de Música

* E a continuación verbena amenizada
polas orquestas

CIUDAD DE SANTIAGO

e

DANDY'S